



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2010.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D. Manoel Bello Salvado. BNG

Non asisten e se excusan:

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 3 de decembro de 2010, sendo as nove horas, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Abre a sesión o Sr. Alcalde, sinalando que a urxencia desta convocatoria xustifícase na necesidade inmediata de adoptar o acordo que se presenta, relativo a destinar o aforro feito en gasto de persoal do Concello a amortizar débeda, en cumprimento do Real Decreto 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, xa que se esperou ata fin de exercicio polas posibles fluctuacións que puidera haber na plantilla de persoal e agora débese cumprir cos prazos regulamentariamente establecidos na lei, xa que o acordo de transferencia que se propón esixe información pública, trata de evitarse calquera tipo de incumprimento dos prazos esixidos legalmente. Somete de seguido o Sr. Alcalde a votación a ratificación da urxencia da sesión, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes. Queda, en consecuencia estimada a urxencia da sesión.

2. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO TC 01/2010.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito referencia TC 01/2010), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

O artigo 14 do Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, o aforro en custo do persoal debe destinarse, co seguinte orde de preferencia, ás seguintes finalidades:

“a) A sanear el remanente de tesorería derivado de la última liquidación, cuando éste fuera negativo.

b) A disminuir el nivel de endeudamiento a largo plazo.

c) A la financiación de inversiones.”

Dado que neste concello non houbo remanente de tesourería negativo na última liquidación, a redución de costes de persoal do ano 2010 debe destinarse a amortización de débeda, polo que o importe do aforro en gasto de persoal dos diferentes capítulos 1 que máis abaixo se relacionan debe transferirse á aplicación orzamentaria de débeda pública (0.91), transferencia que, por ser entre diferentes grupo de función, corresponde ó Pleno.

É polo antedito polo que se propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC 01/2010, polo que se transfire crédito das aplicacións orzamentarias sinaladas na seguinte táboa á aplicación orzamentaria 0.91 (débeda pública).*

PARTIDAS NAS QUE SE REDUCE O CRÉDITO	IMPORTE	PARTIDAS NAS QUE SE INCREMENTA O CRÉDITO
9.11	600,00€	0.91
9.12	2.754,80€	0.91
9.15	350,00€	0.91
2.1009.13	1.011,22€	0.91
2.15	350,00€	0.91
9.13	1.111,39€	0.91
1.13	206,57€	0.91
1.15	50,00€	0.91
4.13	2.160,34€	0.91
4.15	250,00€	0.91
9.1018.13	421,26€	0.91
3.1015.13	432,88€	0.91
3.15	200,00€	0.91
2.1011.13	742,42€	0.91
TOTAL	10.640,88€	0.91



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, dende a publicación do anuncio no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. Se se presentasen, serán resoltas polo Pleno.

Mesía, 2 de decembro de 2010. O ALCALDE. Asdo. Mariano Iglesias Castro.”

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as nove horas e quince minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,